



ACTA DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS.

Santiago de Compostela - Abril 2019.

No Diario Oficial de Galicia do xoves 21 de marzo de 2019, fíxose pública a Resolución do 15 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, na que se fai pública a convocatoria a convocatoria extraordinaria da reunión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas a celebrar en Santiago de Compostela os días 5 e 6 de abril de 2019.

As 9:30 horas do día 5 de abril de 2019, réunese en sesión extraordinaria a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas en Santiago de Compostela, na sede do Parlamento de Galicia.

Asisten as seguintes persoas:

- D. Antonio Rodríguez Miranda, secretario xeral da Emigración, como presidente da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.
- D. Antonio Casas Calviño, como secretario da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DAS COMUNIDADES GALEGAS:

Da Area de España:

- D^a. Pilar Rodríguez Villar, en representación da Agrupación Fillos de Galicia en Sestao.
- D. Eduardo Méndez Gómez, en representación da Unión de Asociacións Galegas de Catalunya (UAGALCAT).
- D. José Antonio Otero Fernández, en representación do Lar Galego de Sevilla.

Da Area de Europa:

- D. Álvaro Moreira Muíños, en representación de Xuventude de Galicia, Centro Galego de Lisboa.
- D. José Gil Doval, en representación da Asociación Cultural ASC – “As Xeitosiñas” Grupo de Baile e Banda de Gaitas de Zürich.
- D^a. Maria Rosa Sotelo López, en representación do Centro Cultural Gallego de Cuxhaven e V.



Da Area de América:

- D. Jesús Amorín Amorín, en representación do Centro Pontevedrés Social y Deportivo de Montevideo.
- D. Sergio Manuel Toledo Bueno, en representación da Sociedade Cultural Rosalía de Castro de Cuba.
- D^a. Beatriz Carballo Regueira, en representación da Asociación Civil Hijos del Ayuntamiento de Zas en Bos Aires.
- D^a. Rita Mariño Cadio, en representación da Unidad Gallega de los Estados Unidos INC.

Como membros natos da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas:

- D. Roberto González Pérez, en representación da Hermandad Galega de Venezuela.
- D. Alberto Walter Iglesias Rodríguez, en representación da Casa de Galicia en Montevideo.

Non asiste D. Ignacio Paz Bouza en representación do Centro Galego de Salamanca, escusa a súa presenza.

Asisten á reunión da Comisión Delegada, por invitación do presidente, os seguintes membros da Secretaría Xeral da Emigración:

- D. Rubén del Río Freire, xefe de Gabinete da Secretaría Xeral da Emigración.
- D. José Carlos García Bouzas, subdirector xeral de Xestión Económica, Administrativa e do Retorno.
- D^a. M^a. Cruz García Palmou, funcionaria da Secretaría Xeral da Emigración.
- D^a. María Jesús Vilas Santos, funcionaria da Secretaría Xeral da Emigración.
- Esther del Río Baña, persoal de Gabinete da Secretaría Xeral da Emigración.

1. Constitución da comisión e apertura da sesión.

Sendo as 9:35 horas do día 5 de abril de 2019, réunese en sesión extraordinaria a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas na sede do Parlamento de Galicia con motivo da entrega da Medalla do Parlamento á emigración galega.

Toma a palabra o Secretario da Comisión Delegada, D. Antonio Casas para facer unha presentación de todos os representantes que compoñen a Comisión Delegada e nomea ó persoal da Secretaría Xeral da Emigración que asiste á dita reunión de traballo.



O secretario da comisión fai lectura da Resolución da convocatoria e a orde do día da reunión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, que consta dos seguintes puntos:

- 1. Constitución da comisión e apertura da sesión.**
- 2. Aprobación da acta da reunión anterior da Comisión Delegada.**
- 3. Informe do estado de execución dos programas en materia de Emigración.**
- 4. Informe do estado de execución dos programas en materia de Retorno.**
- 5. Preparación da reunión do XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas e fixar os relatorios que se van a debater.**
- 6. Rolda de Intervencións.**

D. Antonio Casas, secretario da Comisión, dá por constituída a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas en primeira convocatoria, tras comprobar que existe quórum suficiente.

A continuación abórdase o segundo punto da orde do día:

2. Aprobación da acta da reunión anterior da Comisión Delegada.

A continuación, sométese á aprobación a acta da última Comisión Delegada celebrada en Barcelona en decembro de 2018, unha vez esta foi comunicada a todos os presentes e así mesmo estivo transcrita na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración <http://emigración.xunta.gal>.

A Acta da Comisión Delegada celebrada en Barcelona en decembro de 2018 é aprobada por unanimidade da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

Unha vez aprobada a anterior acta, faise unha suspensión da reunión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas para recibir ao Presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo e ao Presidente do Parlamento do Galicia, D. Miguel Ángel Santalices Vieira.

Sendo as 11:30 horas abórdanse conxuntamente os dous seguintes puntos da orde do día.



3. Informe do estado de execución dos programas en materia de Emigración.

4. Informe do estado de execución dos programas en materia de Retorno.

Toma a palabra D. Antonio Rodríguez Miranda, secretario xeral da Emigración para dar conta do informe do estado de execución dos programas en materia de emigración e de retorno, intervención que aparece como Anexo II á presente acta.

Unha vez exposto o informe sobre o estado de execución dos programas en materia de retorno, e sendo as 14:00 horas, o secretario xeral da

Sendo as 17:30 reanúdase a sesión de traballo e abórdase o seguinte punto da orde do día:

5. Preparación da reunión do XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas e fixar os relatorios que se van a debater.

Toma a palabra o secretario xeral da Emigración para indicar, que como todos ben saben, este ano 2019 corresponde celebrar a reunión do Pleno do Consello de Comunidades Galegas. Sinala que esta reunión se celebrará a finais de ano, posiblemente na primeira semana de decembro e que, como o anterior consello se celebrou fóra de Galicia, desta vez corresponde celebralo en Galicia. Indica que se vai celebrar na Cidade de Santiago de Compostela.

A continuación fai público aos membros da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas a materia dos catro relatorios propostos para debater no XII Pleno do Consello e que son os seguintes:

- * Galeguidade: as entidades galegas no exterior no Século XXI.
- * Cultura.
- * Retorno: dereito e oportunidade.
- * Social.

Esta proposta é aprobada por unanimidade dos membros presentes da Comisión Delegada e polo tanto quedan definitivamente fixados os relatorios a debater no XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

A continuación abórdase o seguinte punto da orde do día:

6. Rolda de Intervencións.



Antes de comenar a rolda de intervencións dos membros da Comisión Delegada, o secretario xeral da Emigración toma a palabra para dar conta dunha nova que se acaba de producir e que é a de que España acaba de decidir que a súa candidata para presentar á UNESCO como patrimonio da Humanidade en 2019 é a Ribeira Sacra. Fai mención especial á reunión mantida en Santo Estebo de Ribas de Sil en 2015 da Comisión Delegada que acordou manifestar o seu apoio a ésta candidatura que hoxe se materializa.

1º. Intervén D. José Gil Doval, en representación da Asociación Cultural ASC – “As Xeitosiñas” Grupo de Baile e Banda de Gaitas de Zürich.

Pide poder recibir documentación dos programas da Secretaría Xeral da Emigración para poder facer as reunións cos socios e dalos a conocer entre eles.

Respóndelle o secretario xeral da Emigración dicíndolle que a información dos programas que se debe dar nos centros é diferente á que se expón nestas reunións da Comisión Delegada. Aínda así, todos os vídeos están colgados na nosa páxina web e están abertos a calquera persoa que os queira descargar.

2º. Intervén Dª. Rita Mariño Cadio, en representación da Unidad Gallega de los Estados Unidos INC.

Pregunta se sería posible obter unha tarxeta sanitaria diferente á que se ten por tres meses cando se viaxa dende Nova York. Unha tarxeta que durara máis tempo que esos tres meses.

Respóndelle o secretario xeral da Emigración no sentido de que a tarxeta que se está a utilizar é dunha duración de tres meses prorrogable por tres meses máis. Ese prazo preveo o Estado Español e polo tanto Galicia non pode establecer unha tarxeta cunha duración diferente se non se fai ao unísono en todo o Estado.

3º. Intervén D. Nicolás Miño, en representación do Centro Galego de Londres.

Pregunta que se ten pensado para promocionar o Xacobeo do ano 2021.

Respóndelle o secretario xeral da Emigración manifestando que esa competencia de promoción non a ten Secretaría Xeral da Emigración. A pesares de non a ter, colabora na medida do posible e polo tanto, pídlle a D. Nicolás Miño, como representante do Centro Galego de Londres, a súa colaboración para ver se sería posible poñer un mojón do Camiño de Santiago no centro da Cidade de Londres, e así poder promocionar o Xacobeo. Sería unha maneira de promocionar o Camiño de Santiago nesa cidade e ademais, sepan todos vostedes que sería bo intentar facelo en todas aquelas cidades máis importantes do Mundo.

4º. Intervén D. José Antonio Otero Fernández, en representación do Lar Galego de Sevilla.



Plantea que en Andalucía se está a manifestar dunha forma moi evidente que as casas de Galicia poidan subsistir no tempo e pensa que, en breve prazo de tempo, van a ir desaparecendo.

Respóndelle o secretario xeral da Emigración que ese é un tema que debe ser analizado entre todas as entidades galegas e tamén dende a Secretaría Xeral da Emigración e que polo tanto, unha boa forma de facelo sería no seo do próximo Pleno do Consello de Comunidades Galegas onde haberá un relatorio relacionado coas entidades galegas.

5º. Intervén D. Sergio Manuel Toledo Bueno, en representación da Sociedade Cultural Rosalía de Castro de Cuba.

Agradece a Antonio Rodríguez Miranda a súa labor como secretario xeral da Emigración e pide a todos os presente un aplauso como mostra dese agradecemento.

Indica que leva 18 anos na entidade Rosalía de Castro e que coñeceu a moitos secretarios xerais da Emigración pero ningún como o actual, Antonio Rodríguez Miranda.

Manifesta tamén que en Cuba os galegos alí residentes son cada vez máis maiores e hai unha situación grave aínda non resolta; non existe un Centro de Día.

Quere agradecer o traballo de todo o persoal da Secretaría Xeral da Emigración de cara a colectividade galega en Cuba.

O secretario xeral da Emigración agradece os alagos recibidos e indica que, en canto ao Centro de Día se está a traballar sobre o tema en colaboración coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Pídelle a D. Sergio Toledo que lle informe por escrito dos costes reais que conlevaría ese Centro de Día, así como os gastos de mantelo en funcionamento e, unha vez recibida esa información, seguir avanzando no proxecto coa nova conselleira de Política Social.

6º. Intervén D. Jesús Amorín Amorín, en representación do Centro Pontevedrés Social y Deportivo de Montevideo.

Manifesta estar de acordo co exposto polo representante do Lar Galego de Sevilla en canto ao problema de desaparición e de subsistencia das entidades galegas e tamén co manifestado polo representante da Sociedade Cultural Rosalía de Castro de Cuba de que, ao igual que naquel país, en Uruguai tamén se está avellentando a poboación galega alí residente.



Pide que cando se concedan as Axudas Económicas Individuais e os Programas de Reencontros se controle ben o acceso a elas para evitar excesos na concesión dese tipo de axudas.

O secretario xeral da Emigración respóstalle que dende a Secretaría Xeral da Emigración se é consciente desa problemática e por iso se plantea que o tema se debata no seo dun Consello de Comunidades Galegas e que, a principal reflexión que hai que abordar é a de ¿Qué se lle pode ofrecer aos novos galegos para que se acheguen e se asocien a unha entidade galega?. E pon de exemplo á Hermandad Gallega de Caracas de como se debe xestionar unha entidade galega para facela atractiva para captar novos socios.

Respecto aos excesos nos programas de axudas e de reencontros, manifesta que todas as solicitudes son revisadas exhaustivamente polo persoal da secretaría xeral e que a porcentaxe das persoas que abusan é dun dous ou tres por cento. E que é moi difícil de atallar porque aquí a información dos ingresos desas persoas non temos forma de comprobala informaticamente con algo similar á Facenda española.

7º. Intervén D. Alberto Walter Iglesias Rodríguez, en representación da Casa de Galicia en Montevideo.

Manifesta ou seu acordo coas opinións dadas acerca de que se debe buscar a maneira de captar novos socios galegos nas entidades. Algo que debe buscarse de forma colectiva e vinculala as capacidades colectivas e produtivas de cada entidade.

8.- Intervén D. Roberto González Pérez, en representación da Hermandad Galega de Venezuela.

Sinala que ao seu parecer, unha boa maneira de fomentar o retorno sería ampliar o Programa BEME a bolsas para Grado.

Manifesta que esta vai a ser a súa última participación nunha Comisión Delegada, pois vai haber eleccións á directiva da Hermandad Galega de Venezuela ás que non se vai presentar e, polo tanto, será a persoa que gañe esas eleccións a que ocupe o seu lugar en posteriores comisións.

Agradece a todo os presentes o apoio recibido durante estes anos, así como o da Secretaría Xeral da Emigración e manifesta que entre todos se fixo unha gran labor en prol da emigración galega e que aínda queda moito por facer. Pídelle a todos os presentes que sigan adiante con toda esa labor.

Intervén o secretario xeral da Emigración pedindo un aplauso para D. Roberto González Pérez como modo de recoñecemento da súa labor na Hermandad Galega de Venezuela en no seo das Comisións Delegada e nos Consellos de Comunidades en prol da colectividade galega.

9.- Intervén D^a. Maria Rosa Sotelo López, en representación do Centro Cultural Gallego de Cuxhaven e V.



Comeza a súa intervención dando as grazas á Xunta de Galicia polo apoio recibido nos momentos máis críticos polos que pasou o centro ao que pertence. Que grazas a esa axuda recibida ese centro non desapareceu. Quere estender esa gratitude a todo o persoal da Secretaría Xeral da Emigración que en todo momento estivo apoiándoos e asesorándoos de como saír desos momentos duros que ocorreron no seu centro e que evitaron a súa desaparición.

10. Intervén D^a. M^a. Pilar Rodríguez Villar, en representación da Agrupación Fillos de Galicia en Sestao.

Agradece o traballo realizado pola Secretaría Xeral da Emigración durante o pasado exercicio e tamén a todos os membros da presente Comisión Delegada que remata o seu mandato no vindeiro Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

11º. Intervén D. Álvaro Moreira Muíños, presidente de Xuventude de Galicia, Centro Galego de Lisboa.

Comeza agradecendo o traballo realizado pola Secretaría Xeral da Emigración durante o pasado exercicio e tamén a todos os membros da presente Comisión Delegada

Salienta que ao seu modo de ver e, en relación ao manifestado por D. José Gil, hai puntos importantes na divulgación e informacións das axudas nos centros galegos: o primeiro é que as axudas levadas a cabo pola Secretaría Xeral da Emigración deberían divulgarse dunha maneira máis física nos centros e non só por medios dixitais. Segundo, debería haber nos centros unha persoa encargada desa divulgación e que se encargase de garantir que esa información chega as persoas destinatarias.

Así mesmo, manifesta que dende o Centro Galego de Lisboa tomaron a iniciativa de pedir a todos os concellos de Galicia información vía e-mail das principais actividades que realizan. E esa iniciativa esta resultando efectiva pois están recibindo dita información, incluso dos concellos máis pequenos de Galicia.

Propón que esa iniciativa se poida tomar de referencia e incentivar a que dita información se lle envíe a todas as comunidades galegas espalladas polo Mundo.

Manifesta que estando a dous anos do comezo do Xacobeo, dende o Centro Galego de Lisboa xa están a levar a cabo actos preparatorios de dito evento.

12. Intervén D. Eduardo Méndez Gómez, en representación da Unión de Asociacións Galegas de Catalunya (UAGALCAT).

Agradece o traballo realizado pola Secretaría Xeral da Emigración, dende o secretario xeral ata a última persoa que alí traballa. E destaca que sempre están dispostos a colaborar e a axudar cada vez que se lles chama por teléfono desde as entidades.



13. Intervén D^a. Beatriz Carballo Regueira, en representación da Asociación Civil Hijos del Ayuntamiento de Zas en Bos Aires.

Manifesta tamén o seu agradecemento a labor da Secretaría Xeral da Emigración e ensalza a labor do seu secretario xeral que o leva a ser uns dos mellores secretarios xerais da Emigración. Cree que iso foi produto do coñecemento que ten da emigración galega.

Di estar de acordo en que, como outros membros da Comisión Delegada manifestaron, a emigración galega está envellecida, pero que a solución a teñen as propias entidades e que deben instrumentar medios para levala a cabo e atraer as persoas xoves as entidades galegas.

Rematada a intervención de todos os membros da Comisión Delegada toma a palabra o secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda para pedir que se deixe constancia en acta do feito que se lle traslade ao Presidente do Parlamento de Galicia, D. Miguel Ángel Santalices Vieira do agradecemento da Comisión Delegada pola entrega da Medalla do Parlamento á emigración galega e que todos saben que de él partiu a iniciativa de tal recoñecemento.

Sendo as 19:00 horas, e non habendo máis cuestións a tratar, o secretario xeral da Emigración, en funcións de Presidente da Comisión Delegada, procede a clausurar a reunión extraordinaria da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.



O Presidente

Antonio Rodríguez Miranda



O Secretario

Antonio Casas Calviño

ANEXO I

INFORME DE ACTUACIÓNS

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN

COMISIÓN DELEGADA
CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS



PRESENTADA POR:

ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA
SECRETARIO XERAL DA EMIGRACIÓN

XUNTA DE GALICIA

1 INFORME DE ACTUACIÓN

Obxectivos

- Infórmase da **execución das accións e programas** dirixidos pola **Secretaría Xeral da Emigración**
- Ofrécese os **datos estatísticos** que permitirán comprobar o estado da diáspora
- Este **análise** reflectirá o **grao de execución de todas as medidas** ao alcance da Secretaría para **combaten o reto demográfico e garantir o retorno** do maior número de galegos residentes no exterior



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

OFICINA DE INFORMACIÓN 2018

(abril – diciembre)

A oficina informa e asesora aos galegos no exterior, aos seus descendentes, aos galegos retornados e aos seus familiares de todos os programas da Secretaría Xeral da Emigración dirixidos á diáspora. Ofrece apoio continuo, tanto presencial como virtual

TIPO SOLICITUDE	SOLICITADAS TOTAL
TELEMÁTICAS	2.728
TELFÓNICAS	2.610
PRESENCIAIS	835
VISITA EMPRESARIAL	18
TOTAL	6.191

MODALIDADES	TELEMÁTICAS
ASESORAMIENTO	1.035
RETORNO SOCIAL	
TRABALLO E EMPRENDEMENTO	481
EDUCACIÓN	502
VIVENDA	531
TOTAL	179
	2.610

PAÍS	VENEZUELA	ARXENTINA	URUGUAI	ESPAÑA	BRASIL	REINO UNIDO	SUÍZA	ALEMANIA
SOLICITUDES TELEMÁTICAS	961	432	353	291	193	42	22	19



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

OFICINA DE INFORMACIÓN 2019

(1º trimestre)

A oficina informa e asesora aos galegos no exterior, aos seus descendentes, aos galegos retornados e aos seus familiares de todos os programas da Secretaría Xeral da Emigración dirixidos á diáspora. Ofrece apoio continuo, tanto presencial como virtual

TIPO SOLICITUDE	SOLICITADAS TOTAL
TELEMÁTICAS	2.309
TELEFÓNICAS	235
PRESENCIAIS	156
VISITA EMPRESARIAL	0
TOTAL	2.700

MODALIDADES	TELEMÁTICAS
SOCIAL	360
TRABALLO E EMPRENDEMENTO	101
EDUCACIÓN	1839
VIVENDA	19
TOTAL	2.610

PAÍS	VENEZUELA	ARXENTINA	URUGUAI	ESPAÑA	BRASIL	REINO UNIDO	MÉXICO	ALEMANIA SUIZA
SOLICITUDES TELEMÁTICAS	302	844	152	150	220	47	146	55



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

GALICIA ABERTA NO ÚLTIMO ANO

01/04/2018 – 31/03/2019

USUARIOS: 233.753 ↑ 27,95%

SESIÓNS: 351.18 ↑ 25,96%

VISITAS: 791.659 ↑ 23,72%

PROCEDENCIA DAS VISITAS (TOP 10):

- | | | | | |
|-----------|--------------|--------------|----------------|------------|
| 1. España | 2. Argentina | 3. Venezuela | 4. EEUU | 5. Uruguai |
| 6. México | 7. Brasil | 8. Colombia | 9. Reino Unido | 10. Suíza |

En 2018 obtivéronse **2.400 novos** subscriptores á newsletter informativa













Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

GALICIA ABERTA NO ÚLTIMO AÑO

País	Adquisición			Comportamiento			
	Usuarios ↓	Usuarios nuevos ↑	Sesiones ↑	Porcentaje de rebote ↑	Páginas/sesión ↑	Duración media de la sesión ↑	
1.  Spain	233.753 <small>% del total: 100,00 % (233.753)</small>	230.405 <small>% del total: 100,16 % (230.040)</small>	351.182 <small>% del total: 100,00 % (351.182)</small>	48,83 % <small>Media de la vista: 48,83 % (10,00 %)</small>	2,25 <small>Media de la vista: 2,25 (0,00 %)</small>	00:02:42 <small>Media de la vista: 00:02:42 (0,00 %)</small>	
2.  Argentina	28.122 (11,87 %)	27.452 (11,91 %)	54.866 (15,62 %)	39,81 %	2,85	00:03:47	
3.  Venezuela	19.101 (8,06 %)	18.294 (7,94 %)	33.522 (9,55 %)	45,71 %	2,57	00:03:46	
4.  United States	11.065 (4,67 %)	10.956 (4,76 %)	12.791 (3,64 %)	73,88 %	1,74	00:01:05	
5.  Uruguay	10.098 (4,26 %)	9.746 (4,23 %)	19.504 (5,55 %)	44,42 %	2,46	00:03:24	
6.  Mexico	9.561 (4,04 %)	9.308 (4,04 %)	12.471 (3,55 %)	57,35 %	1,54	00:01:43	
7.  Brazil	7.248 (3,06 %)	6.966 (3,02 %)	16.244 (4,63 %)	49,10 %	2,29	00:03:31	
8.  Colombia	3.843 (1,62 %)	3.838 (1,67 %)	4.297 (1,22 %)	50,00 %	1,36	00:01:06	
9.  United Kingdom	2.750 (1,16 %)	2.643 (1,15 %)	4.360 (1,24 %)	44,40 %	2,01	00:02:29	
10.  Switzerland	2.462 (1,04 %)	2.379 (1,03 %)	3.085 (0,88 %)	52,09 %	2,07	00:01:38	



Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA


FACEBOOK GALICIA ABERTA

SEGUIDORES: 19.143 ↑ 27,80% (interanual)

ALCANCE: 1924 USUARIOS/POST

POR PAÍSES (TOP TEN):

- | | | | |
|----------------------|---------------------|--------------------|-----------------|
| 1. ESPAÑA 29,65% | 2. ARGENTINA 22,42% | 3. VENEZUELA 9,42% | 4. SUIZA 6,46% |
| 5. BRASIL 5,76% | 6. URUGUAI 5,38% | 7. EEUU 4,28% | 8. MÉXICO 3,78% |
| 9. REINO UNIDO 2,52% | | | |



Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA


TWITTER GALICIA ABERTA

SEGUIDORES: 4.335 ↑ 7,68% (interanual)

ALCANCE: 1900 IMPRESIÓNS/DÍA

POR PAÍSES:

- | | | | |
|---------------|------------------|------------------|---------------|
| 1. ESPAÑA 48% | 2. VENEZUELA 17% | 3. ARGENTINA 12% | 4. URUGUAI 2% |
| 5. EEUU 2% | 6. BRASIL 2% | | |



Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA


INSTAGRAM GALICIA ABERTA

SEGUIDORES: 3.978 ↑ 186,59% (interanual)

ALCANCE: 1610 PERSONAS/PUBLICACIÓN

POR PAÍSES:

- | | | | |
|------------------|---------------|------------------|--------------|
| 1. VENEZUELA 31% | 2. ESPAÑA 25% | 3. ARGENTINA 19% | 4. BRASIL 8% |
| 5. URUGUAI 5% | 6. BRASIL 2% | | |



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

AYUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS

PROCEDIMIENTO PECHADO
(Rematou o 26 de marzo)
En revisión de solicitudes

As Axudas económicas individuais de asistencia socio sanitaria digna para os galegos residentes no exterior, establécense como unha das áreas de actuación prioritarias, por iso no 2019 a partida orzamentaria e de **2.600.000 €**

SOLICITUDES POR PAÍSES:

ARXENTINA 225	BRASIL 73	COLOMBIA 5	CUBA 6.675
REPÚBLICA DOMINICANA 2	URUGUAI 116	VENEZUELA 1.305	
TOTAL..... 8.451			



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

PROCEDIMENTO PECHADO
*(próxima publicación o 17
de abril)*

- Programa destinado a atender situacións sobrevidas de emerxencia social, sanitaria ou patrimonial

- **ORZAMENTO: 50.000 € (Orzamento inicial)**



 Xacobeo 2021

 XUNTA
DE GALICIA

REENCONTROS NA CASA

PROCEDIMENTO ABERTO
(Ata o 15 de abril)

Promover o contacto dos galegos e das galegas residentes en América coa súa terra e coas súas familias para fortaleceren así os vínculos de unión con Galicia. Poderán permanecer coas súas familias en Galicia 15, 30 ou 45 días desde a súa chegada á nosa comunidade autónoma

ORZAMENTO: 180.927 €

PRAZAS POR PAÍSES:

ARGENTINA	80	BRASIL	20	CUBA	10	URUGUAI	37
VENEZUELA	50	RESTO DE AMÉRICA	18				

TOTAL..... 215

Correo-e para solicitar información: accion.social.emigracion@xunta.gal



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

REENCONTROS NA CASA

PROCEDIMENTO ABERTO
(Ata o 15 de abril)



Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA

REENCONTROS NA TERRA

PROCEDIMENTO PECHADO
(próxima publicación 16 de abril)

Promover o contacto dos galegos e das galegas residentes en América que pola súa escaseza de medios levan moitos anos sen manter relación coa súa terra e coas súas familias. Facilitábase unha estadía na residencia de tempo libre de Panxón, en Pontevedra (dependente da Consellería de Traballo e Benestar Social que colabora na realización asumindo o custe do aloxamento), durante 14 días, podendo quedar despois coas súas familias ata tres meses

ORZAMENTO: 189.924 €

PRAZAS POR PAÍSES:

ARGENTINA 69 BRASIL 9 CUBA 5 URUGUAI 27

VENEZUELA 22 RESTO DE AMÉRICA 3

TOTAL..... 135

Correo-e para solicitar información: accion.social.emigracion@xunta.gal




Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

REENCONTROS NA TERRA

PROCEDEMENTO PECHADO
(próxima publicación 16 de abril)



Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA

VÍDEO



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

CONVENIOS CON ENTIDADES

- Durante o ano 2019 a Secretaría Xeral da Emigración asinará **convenios de colaboración** con entidades galegas do exterior e coas diócesis de Galicia para atender necesidades socioasistenciais non incluídas nas convocatorias de subvencións
- Coa subscripción dos citados convenios **estimamos** que poderán ser **beneficiarios máis de 5.000 galegos residentes no exterior**, ademais das familias que serán atendidas nos puntos e oficinas de información e asesoramento

FINALIDADE
Asistencia social
Asistencia sociosanitaria
Busca de antecedentes familiares
Centros de día e residencias de anciáns
Puntos e Oficinas de información e asesoramento



Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA

CONVENIOS CON ENTIDADES

Entidade	País	Entidade	País
Centro Galicia de Buenos Aires Cultura, Social y Deportivo	Arxentina	Asociación Española Primera de Socorro Mutuo	Uruguai
Centro Gallego del Mar del Plata	Arxentina	Casa de Galicia de Montevideo	Uruguai
Hogar Gallego para ancianos	Arxentina	Hogar Español	Uruguai
Associacao Recreio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada de Rio de Janeiro	Brasil	Centro Gallego de Maracaibo	Venezuela
Asociación Cultural Hispano - Gallega Caballeros de Santiago	Brasil	Centro Gallego de Puerto de la Cruz	Venezuela
Casa de España de Río de Janeiro	Brasil	Fundación Apoyo a la ciudadanía Española en Venezuela (FACEV)	Venezuela
Sociedade Beneficente Rosalia de Castro Sao Paulo	Brasil	Fundación España Salud	Venezuela
Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalia de Castro de Santos	Brasil	Fundación Fillos de Ourense-Fundaourense	Venezuela
Federación de Sociedades Gallegas de Cuba	Cuba	Hermandad Gallega de Venezuela	Venezuela
Fundación +34	España	Hermandad Gallega de Valencia	Venezuela
Diocese	España		



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

APOIO ASEGURANDO O ACCESO A PROCEDIMIENTO ABERTO MEDICAMENTOS BÁSICOS NO EXTERIOR

- Programa destinado á colaboración coas entidades para asegurar o acceso a medicamentos básicos no exterior
- As actuacións que se están a levar a cabo en Venezuela tratan de paliar a escaseza de medicamentos de primeira necesidade das máis de **35.000 familias residentes no país**



Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA

Atención ás entidades galegas

no exterior:

Axudas as entidades

PROCEDIMENTO PECHADO

(Rematou o 11 de marzo)

En revisión de solicitudes

As axudas as entidades teñen un orzamento total de 1.625.000 €:

- a) Subvencións en favor das entidades galegas do exterior para gastos de funcionamento e para proxectos de actuación dirixidos ao cumprimento dos seus fins, sinaladamente nas áreas sociais, de xuventude, formativas, culturais, que persigan o mantemento ou fomento dos lazos con Galicia, que se concretan nos seguintes programas de actuación cun presuposto de 1.050.000 €
- b) Subvencións en favor das entidades galegas do exterior para axudas para obras e para a mellora de dotacións e equipamentos 575.000 €

*En revisión



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Atención ás entidades galegas no exterior:

A.1.) AXUDAS PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO

PROCEDIMENTO PECHADO (Rematou o 11 de marzo) En revisión de solicitudes

- Subvencións para **contribuír ao financiamento dos gastos correntes ou de funcionamento** de carácter periódico derivados de servizos externos en que incorran as comunidades galegas e centros colaboradores existentes fóra de Galicia
- O **crédito inicialmente** destinado para este programa foi de **400.000 €**, establecendo o importe máximo individual da axuda a conceder en 20.000 €, cun límite máximo de gasto subvencionable por entidade de 30.000€

Área	Nº solicitudes	
	Presentadas *	
España	41	
Europa	21	
América	59	
Total	121	

*En revisión



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Atención ás entidades galegas

PROCEDIMIENTO PECHADO

no exterior:

(Rematou o 11 de marzo)

A.2) AXUDAS PARA PROXECTOS CULTURAIS,

En revisión de solicitudes

SOCIAIS, DE ACCIÓNS INFORMATIVAS E PROXECTOS

PROMOVIDOS POLA XUVENTUDE

O obxecto é fomentar a programación cultural, social e formativa das entidades que promovan a difusión e preservación do patrimonio cultural de Galicia; a acción informativa que contribúa ao coñecemento da realidade e difusión da imaxe de Galicia; os proxectos de participación e intercambio cultural que promovan a integración da mocidade nas estruturas orgánicas das entidades; e, finalmente as actividades propias para a consecución do seu obxecto social, recollido nos estatutos da sociedade

O crédito inicialmente destinado para este programa foi de **550.000 €**, cun importe máximo individual da axuda a conceder de **25.000 €**, e cun **límite máximo** de gasto subvencionable por entidade de **40.000€**

Área	Nº
	solicitudes
	Presentadas*
España	51
Europa	21
América	48
Total	120

*En revisión



Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA

Atención ás entidades galegas

no exterior:

A.3) ACCIÓNS DE ESPECIAL RELEVANCIA

PROMOVIDAS POR COMUNIDADES GALEGAS

PROCEDIMENTO PECHADO

(Rematou o 11 de marzo)

En revisión de solicitudes

O obxecto deste programa é **fomentar proxectos** de actividades de **carácter extraordinario** para a entidade que as promove ou nas que participa activamente, non recorrentes, cuxa finalidade é a promoción cultural, social ou económica de Galicia no ámbito no que estea asentada

Área	Nº
	solicitudes Presentadas
España	11
Europa	5
América	11
Total	27

O **crédito inicialmente** destinado para este programa foi de **100.000 €**, mentres que o importe **máximo individual** da axuda a conceder é de **24.000 €**, cun límite **máximo de gasto subvencionable** por entidade de **40.000€**



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

Atención ás entidades galegas

no exterior:

B.1) AXUDAS PARA OBRAS, REFORMA, REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS E DO PATRIMONIO CULTURAL

PROCEDIMENTO PECHADO

(Rematou o 11 de marzo)

En revisión de solicitudes

O obxecto deste programa é a concesión de subvencións ás entidades galegas no exterior para contribuir ao financiamento dos gastos derivados dos investimentos que realicen en obras de ampliación, reforma, rehabilitación, conservación e restauración, destinadas á mellora das súas instalacións e/ou patrimonio cultural, así como os derivados da adquisición da sé social e os de amortización e xuros dos créditos bancarios concertados para esta finalidade

O orzamento total destinado para esta liña é de **425.000 €**, cun importe máximo de **30.000 €** por axuda individual e un investimento máximo por solicitude de **60.000 €**

Área	Nº solicitudes	
	Presentadas*	
España	16	
Europa	4	
América	38	
Total	58	

*En revisión



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

Atención ás entidades galegas

no exterior:

B.2) AXUDAS PARA A MELLORA DE DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS DE CARÁCTER INVENTARIABLE

PROCEDIMENTO PECHADO

(Rematou o 11 de marzo)

En revisión de solicitudes

- O obxecto deste programa é a concesión de subvencións para financiar a adquisición de dotacións e equipamentos que melloren as condicións en que se desenvolven as actividades asociativas

- O **orçamento total** destinado para esta liña é de **150.000 €**, cun **importe máximo de 12.000 €** por axuda individual e un **investimento máximo por solicitude de 24.000 €**

Área	Nº solicitudes	
	Presentadas	
España	16	
Europa	6	
América	20	
Total	42	

*En revisión



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

OBRADEIROS DE FOLCLORE, ARTESANÍA, COCIÑA E SEMINARIOS DE CULTURA GALEGA

PROCEDIMENTO ABERTO

(Ata o 15 de abril)

- Programa que trata de fortalecer os vínculos con Galicia entre os socios das comunidades galegas do exterior a través de obradoiros nas tradicións e cultura da galeguidade

- Os obradoiros poden ser de gaita, Cociña, baile, percusión, pandeireta e canto, de carácter artesanal (encaixe de palillos e confección de traxes tradicionais) ou Seminarios de cultura galega: tradición e modernidade

- O ano pasado os obradoiros máis demandados son os de folclore seguido da cociña, artesanía e unha semana cultural

- Conta cun orzamento de 90.000 €

- Correo-e para solicitar información: accion.social.emigracion@xunta.gal

MODALIDADE
Gaita
Cociña
Baile
Percusión
Pandeireta e canto
Semana cultural
Encaixe e traxes galegos
Total



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

ESCOLIAS ABERTAS

PROCEDIMENTO ABERTO
(Ata o 22 de abril)

Programa de escolas abertas destinado a participación presencial en xullo en Ourense destinado a persoas directivas e responsables de impartir docencia nas entidades galegas e a persoas galegas residentes fóra de Galicia para a especialización en: Gaita tradicional galega, baile tradicional galego, percusión tradicional galega, canto popular e pandereita, confección de traxes tradicionais galegos e formación de personal directivo de las entidades gallegas del exterior

O orzamento do programa para este exercicio e de **152.363 €** e ten un custo por participante de 2.430 €

Correo-e para solicitar información: accion.social.emigracion@xunta.gal




Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

ESCOLAS ABERTAS

PROCEDIMENTO ABERTO
(Ata o 15 de abril)



Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA

CONECTA CON GALICIA

PROCEDIMIENTO ABERTO
(Ata o 22 de abril)

- Programa destinado á participación de **174 mozos e mozas** de orixe galego ou descendentes de galegos/as que residan no exterior de **entre 15 e 20 anos** en actividades de toma de contacto coa realidade galega durante o mes de Xullo

- Durante **5 días** coñecerán o **Camión de Santiago** e o **nosso patrimonio mentras pernoctan en Lugo e Ourense** e durante os **outros 5 días disfrutarán das actividades de mar e praia no albergó de Gandarío**

- O orzamento do programa para este exercicio e de **261.103 €** e coa colaboración orzamentaria da Consellería de Política Social ten un custo por participante de **1.922 €**

- Correo electrónico para solicitar información:
accion.social.emigracion@xunta.gal




Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

CONECTA CON GALICIA


PROCEDIMIENTO ABERTO
(Ata o 22 de abril)



Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA

VÍDEO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDEN
Secretaría de Emigración



galiciaaberta



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

AVENTURATE CON GALICIA

PROCEDIMIENTO ABERTO
(Ata o 6 de maio)

- Programa destinado á participación de **50 mozos e mozas** de orixe galego ou descendentes de galegos/as que residan no exterior de **entre 14 e 17 anos** en actividades de toma de contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares durante o mes de Xullo
- Durante a súa estancia disfrutarán de actividades no mar, de natureza, ambiente e mar o de Aventura.
- O orzamento do programa para este exercicio e de 10.000 €
- Correo electrónico para solicitar información: accion.social.emigracion@xunta.gal



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

AVENTURATE CON GALICIA

PROCEDIMIENTO ABERTO
(Ara o 6 de maio)



 Xacobeo 2021

 XUNTA
DE GALICIA

CAMPOS DE TRABALO

PROCEDEMENTO PECHADO

(próxima publicación

o 24 de abril)

GALICIA

Programa destinado á participación de **22 mozos e mozas** de orixe galego ou descendentes de galegos/as que residan no exterior de **entre 18 e 30 anos** en actividades de toma de contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares durante o mes de Agosto

Realizarán actividades de voluntariado no ámbito cultural, ambiental e de recuperación do patrimonio cultural e arquitectónico mentras residen en Portomarín

O orzamento do programa para este exercicio e de 21.720 € e coa colaboración orzamentaria da Consellería de Política Social ten un custo por participante de 2.161 €

Correo electrónico para solicitar información: accion.social.emigracion@xunta.gal




Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

CAMPOS DE TRABAJO

PROCEDIMIENTO PECHADO
*(próxima publicación
o 24 de abril)*



Xacobeo 2021





XUNTA
DE GALICIA

OBRADEIROS DE SABORES

- Programa destinado á promoción de produtos galegos da Galicia territorial co selo de Galicia Calidade
- No 2019 realizaranse accións, en **Mar del Plata, na Arxentina. Montevideo, no Uruguai e Nova Iork, nos E.E.U.U.** nas que participarán **profesionais do sector da alimentación** (distribuidores, importadores e prensa especializada)
- Coa colaboración das **consellerías de Medio Rural e de Mar**, chefs galegos premiados en **representación da gastronomía galega**, elaborarán varios **showcookings** con produtos do mar e a terra de Galicia

Los Obradoiros de Sabores muestran a más de 230 profesionales de la Argentina y Uruguay las bondades de la gastronomía gallega



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

AXUDAS EXTRAORDINARIAS EMIGRANTES RETORNADOS

PROCEDIMIENTO ABERTO
(Ata o 30 de agosto)

- Son axudas a emigrantes galegos retornados e a os seus familiares para poder facer fronte aos gastos extraordinarios derivados da súa volta a casa, a Galicia
- Conta cun orzamento destinado dun crédito total de 1.750.000 euros
- Mediante esta liña de axudas incorpórase tamén unha axuda para familias de retornados con fillos menores de idade que se establezan en Galicia de 1.000 euros por fillo ata o segundo fillo e de 1.500 euros a partir do terceiro, cun incremento do 25 % no caso de que a familia resida nun concello rural
- Correo-e para solicitar información: retorno.emigracion@xunta.gal



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

CONVENIOS ASOCIACIONES DE RETORNADOS

Convenio coa Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA)

- Para a posta en funcionamento en **Ourense e Vigo de oficinas de información e asesoramento** da Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA) aos emigrantes galegos retornados á comunidade autónoma galega, e **unha terceira itinerante**
- As oficinas teñen como finalidade a realización de actividades de información e asesoramento aos emigrantes retornados a Galicia procedentes, principalmente desde Venezuela
- Coa previsión de atender a mais de 4000 familias

Convenio coa Asociación de Emigrantes Retornados ULLA-UMIA (AERU)

- Para o mantemento dunha oficina de información e asesoramento dirixida a emigrantes retornados
- A oficina ten como finalidade a realización de actividades de información e asesoramento á colectividade galega retornada á Galicia
- Coa previsión de axudar a máis de 100 familias



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

AXUDAS RETORNO EMPREENDEDOR

PROCEDIMIENTO PECHADO
*(Próxima publicación o 17 de
maio)*

- **200.000 euros** de orzamento

- En 2016 recibíronse **17** solicitudes, en 2017 foron **41** e no 2018 houbo **53** solicitudes, sendo **129 os beneficiarios** dende que comezou o programa

- Os países de retorno con máis beneficiarios en 2018 foron **Venezuela, Suíza e Países Baixos**

- Correo-e para solicitar información: **retorno.emigracion@xunta.gal**



 Xacobeo 2021

 XUNTA
DE GALICIA

AXUDAS RETORNO EMPREENDEDOR

PROCEDIMENTO PECHADO
(Próxima publicación o 17 de maio)



Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA

BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR (BEME)

PROCEDIMENTO ABERTO
(Ata o 30 de abril)

- Dirixidas a mozos galegos universitarios que residen no exterior menores de 40 anos e veñan a Galicia a cursar un mestrado de 60 ou 90 créditos que lles permita incorporarse ao mercado laboral galego
- 1.290.000 € de orzamento e os beneficiarios poderán recibir una bolsa de ata 11.475 €
- Este ano ampliouse o número de beneficiarios de 100 a **150 galegos**
- Os países con máis beneficiarios no 2018 foron **Venezuela, O Uruguai, A Arxentina, O Brasil e O Reino Unido**. O **20%** foron nados na Galicia territorial, e o **80%**, no exterior

Correo-e para solicitar información: retorno.emigracion@xunta.gal





Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR (BEME)

PROCEDIMENTO ABERTO
(Ata o 30 de abril)



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

BOLSAS RETORNO PARA A FORMACIÓN PROFESIONAL

PROCEDIMENTO PECHADO
(*Próxima publicación o 15 de
abril*)

- **100 bolsas para cursar estudos de Formación Profesional de Grao Superior en Galicia, que se inicián no presente ano, para as mozas e mozos galegos que residen no exterior que veñan a Galicia**

- **As bolsas están dotadas cunha contía económica de **10.000 €.** **5000 euros por cada un dos dous cursos****

- **1.000.000 € de orzamento por convocatoria**

- **Correo-e para solicitar información: @xunta.gal**



Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA

VÍDEO

BECAS
RETORNO PARA
FORMACION
PROFESIONAL

*Ven a Galicia a cursar
formación profesional*

galicia

XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

policia
o bo certifcado


XUNTA
DE GALICIA



